



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Aprobación inicial orzamento 2025

En sesión celebrada polo Pleno do Concello o día 13 de marzo de 2025, aprouse inicialmente o orzamento xeral, as bases de execución, a plantilla e o catálogo de postos de traballo do Concello para o exercicio 2025. En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións concordantes, exponse ao público na secretaria deste Concello dende o día seguinte ó da inserción do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, e por un prazo de quince días hábiles –que empezarán a contarse dende o seguinte ó da publicación do presente edicto no BOP-, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán dirixirse ó Sr. Alcalde da Corporación.

No caso de que transcorrido o prazo de información pública non se tivesen presentado reclamacións, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolver aquelas.

O que se fai público ós efectos previstos na citada lexislación.

Abegondo, 13 de marzo de 2025

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2025/1649